

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso monográfico A Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable e a súa implementación nas administracións públicas galegas

CONVOCATORIA: Curso monográfico A Axenda 2030

GRUPO: Servizo EIP EGAP

ÁREA: Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	14
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN OU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2019
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	C.MONOGRÁFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 05/06/2019 - 08:00h ao 12/06/2019 - 23:55h

RESPONSABLE: OLIE TE TRILLO, PAULA [paula.oliete.trillo@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O obxectivo principal deste curso monográfico é crear conciencia sobre a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable e abordar as necesidades teóricas e prácticas para que o persoal destinatario da actividade poida incorporar os obxectivos para o desenvolvemento sustentable (ODS) da Axenda 2030 aos seus ámbitos de traballo.

De maneira específica abordaranse, entre outros, os seguintes temas:

- A cooperación para o desenvolvemento e a axuda humanitaria.
- A política da Xunta de Galicia na materia.
- Os obxectivos para o desenvolvemento sustentable e a Axenda 2030, con especial mención ás universidades galegas.
- O IV Plan director da cooperación galega.

DESTINATARIOS

O curso diríxese ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións autonómica e local galegas, dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia e das universidades do Sistema universitario de Galicia.

No caso de non cubrir a totalidade das prazas convocadas, ás vacantes que resulten poderán acceder profesionais interesados/as no tema.

PROGRAMA

O programa do curso estará estruturado ao redor dos seguintes apartados principais:

- A Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable: antecedentes, obxectivos e metas.
- Os 17 obxectivos para o desenvolvemento sustentable (ODS) como reto e oportunidade para as administracións públicas: implementación da Axenda 2030.
- Alianzas e coordinación na Xunta de Galicia para conseguir a Axenda 2030: a Comisión Interdepartamental.
- A Axenda 2030 en Galicia: diagnóstico do ámbito ambiental.
- Cooperación local no mundo global: Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.
- O proceso de implementación da Axenda 2030 e os ODS nas universidades galegas a través da Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento (RGCUD).
- A acción exterior no marco da Axenda 2030: o IV Plan director da cooperación galega.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes, dando preferencia ao persoal empregado público de acordo co establecido no punto 3 da convocatoria.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela **INICIO / FIN:** 17/06/2019 a 18/06/2019

NUM. PRAZAS: 50 **ESTADO:** NORMAL **DATA EXAME:**

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN

Escola Galega de Administración Pública (EGAP). Rúa Madrid 2-4. 15707 - Santiago de Compostela (A Coruña)
AULA 11: O día 17 de xuño de 09:00 a 20:00. O día 18 de xuño de 10:00 a 14:00.